

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011634	IES Politécnico de Vigo	Vigo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obligatoria	Oratoria	3º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	10
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	11
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	11
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	15
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	22
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	23
9. Outros apartados	24

1. Introducción

A Oratoria é unha materia que desempeña un papel importante na formación do alumnado ao estar vinculada a destrezas clave como a comunicación lingüística, as competencias persoal, social e de aprender a aprender e a competencia emprendedora. Ademais os contidos e destrezas aprendidos poden ser levados á práctica en múltiples situacións da vida cotiá do alumnado, resultando, por tanto, un coñecemento sumamente útil e unha vantaxe competitiva.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Aprender a falar en público para participar na mellora da vida colectiva, para configurar a propia traxectoria académica, profesional e vital, e para fortalecer unha imaxe propia positiva ante nós mesmos e ante os demais.	1-5	1-3	4	3	1	2		
OBX2 - Coñecer os fundamentos da oratoria clásica e a súa relación coa retórica e a práctica do debate.	2-4							1-2
OBX3 - Recoñecer e analizar os distintos discursos persuasivos propios da nosa realidade social e os seus ámbitos de difusión: a prensa, a política, a publicidade e as relacións persoais.	1-2	1	1-2			1	3	1-2-3-4
OBX4 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia.	2-3			1	4	1-3-4		
OBX5 - Desenvolver as destrezas propias da comunicación oral: a competencia lingüística, as competencias sociais e cívicas e o sentido da iniciativa.	1-5	1-2-3	3-4		1-3	2	1	3
OBX6 - Empregar axeitadamente os distintos códigos verbais e non verbais propios do discurso persuasivo.	1	1-3			1-4-5	1-3	2-3	3-4
OBX7 - Empregar distintos soportes e ferramentas tecnolóxicas e informáticas en apoio do discurso persuasivo.	3			1-2-3-4-5	4			4
OBX8 - Recoñecer e empregar a capacidade persuasiva da palabra conservando unha base ética sólida e rexeitando usos perversos ou contrarios á convivencia.	5	3	2-3-4-5	4-5	2	1-2-3-4	1-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Oratoria e retórica: a arte de falar e de convencer.	Bases da Oratoria. Partes da retórica. Debate dialéctico.	10	12	X		
2	O discurso persuasivo.	A intención comunicativa. Tipos de discursos pesuasivos. Tipos de argumentos. Falacias.	10	13	X		
3	O contido do discurso.	Documentación e investigación. Fontes documentais. .	10	11	X		
4	As ideas que fudamentan o discurso.	Estratexias de selección de ideas. Análise crítica	10	11		X	
5	A preparación do discurso.	Adecuación do discurso ao contexto. Axuste do discurso ao modelo textual ou xénero elixido. Adaptación ás circunstancias comunicativas Estrutura do discurso..	15	15		X	
6	Recusos e estratexias persuasivas.	Recursos argumentativos: premisas, teses e siloxismos. Estratexias para captar a atención e a benevolencia da audiencia. Procedementos retóricos. Características estilísticas.. ¿ Coherencia e cohesión.	15	18			X
7	A execucion do discurso	Falar en público. Control emocional. Dicción. Complementos informáticos e audiovisuais.	15	13			X
8	A comunicación non verbal na execución do discurso	Habilidades de comunicación non verbal e xestual. ¿ Quinésica. Linguaxe corporal: expresión facial, xestos, Proxémica: espazo escénico.Naturalidade fronte á artificiosidade.	15	12	X		X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Oratoria e retórica: a arte de falar e de convencer.	12

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Coñecer as bases fundamentais da oratoria.	Coñecer en que medida esta disciplina xurdiu para dotar as persoas de capacidade de intervención na súa sociedade .	PE	40
CA1.2 - Relacionar a práctica da oratoria coa preceptiva retórica e co debate dialéctico.	Entender o seu desenvolvemento en diversos contextos culturais e nas prácticas persuasivas hoxe vixentes.	TI	60
CA4.6 - Recoñecer e asumir as regras de interacción comunicativa e cortesía lingüística.	Demostrar na práctica ser capaz de debater con educación		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As partes da Retórica: inventio, dispositio, elocutio, memoria e actio. - A intención comunicativa nas mensaxes persuasivas. - O debate como ferramenta idónea para practicar a argumentación e a escoita activa: entender, refutar e persuadir respectando as normas de interacción e a cortesía lingüística.

UD	Título da UD	Duración
2	O discurso persuasivo.	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Relacionar a práctica da oratoria coa preceptiva retórica e co debate dialéctico.	Exercicio de debate	TI	100
CA1.3 - Identificar as partes do proceso oratorio, encamiñado á persuasión.	Realizar na práctica esas partes.		
CA1.4 - Comprender discursos persuasivos de diferentes tipos, identificando o propósito, a tese e os distintos tipos de argumentos.	Identificar un discurso persuasivo e a súas variedades.		
CA1.5 - Valorar a forma e o contido de textos persuasivos, avaliando a súa calidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	Argumentar a finalidade e característica dun texto persuasivo		
CA1.6 - Elaborar argumentos e contraargumentos en situacións hipotéticas dadas. Identificar as falacias.	Ser capaz de elaborar algún argumento e de identificar algunha falacia		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A intención comunicativa nas mensaxes persuasivas. - A argumentación como factor clave: tipos de argumentos.

Contidos
- Tipos de discurso persuasivo e os seus ámbitos de difusión: os medios de comunicación social, a publicidade, a política e as relacións persoais.

UD	Título da UD	Duración
3	O contido do discurso.	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Valorar a forma e o contido de textos persuasivos, avaliando a súa calidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	Dar algún argumento xustificando a súa calidade	TI	100
CA2.1 - Identificar e manexar fontes documentais.	Demostrar o uso dalgunha fonte documental		
CA2.2 - Localizar, seleccionar e contrastar a información procedente de diferentes fontes para afondar no coñecemento do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación.	Demonstrar o uso de diferentes fontes.		
CA2.3 - Diferenciar información e opinión.	Clasificar textos segundo o seu tipo informativo ou de opinión.		
CA2.4 - Calibrar a fiabilidade e a pertinencia da información.	Manifestar na práctica con argumentos adecuados a capacidade para verificar a fiabilidade dun texto.		
CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais para a procura da información.	Manifestar nun exercicio práctico a prevencións utilizadas no momento de manexar información procedente de fontes dixitais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tipos de discurso persuasivo e os seus ámbitos de difusión: os medios de comunicación social, a publicidade, a política e as relacións persoais. - Tipos de fontes documentais. Criterios de selección. - Documentación e investigación. Alfabetización mediática. - Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas etc.) e contidos emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos etc.). - Estratexias de procura e selección das ideas máis adecuadas en función da intención comunicativa e dos elementos da comunicación - Xestión da información desde un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual.

UD	Título da UD	Duración
4	As ideas que fudamentan o discurso.	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar as partes do proceso oratorio, encamiñado á persuasión.	Xustificar o proceso de persuasión nun texto.	TI	100
CA1.4 - Comprender discursos persuasivos de diferentes tipos, identificando o propósito, a tese e os distintos tipos de argumentos.	Entender a finalidade dun discurso persuasivo e citar algún dos seus argumentos.		
CA2.2 - Localizar, seleccionar e contrastar a información procedente de diferentes fontes para afondar no coñecemento do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación.	Presentar fontes diferentes.		
CA2.3 - Diferenciar información e opinión.	Dar unha información e unha opinión.		
CA2.4 - Calibrar a fiabilidade e a pertinencia da información.	Ser capaz de verificar a información.		
CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais para a procura da información.	Manifestar senso crítico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A argumentación como factor clave: tipos de argumentos. - Tipos de discurso persuasivo e os seus ámbitos de difusión: os medios de comunicación social, a publicidade, a política e as relacións persoais. - Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas etc.) e contidos emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos etc.). - Estratexias de procura e selección das ideas máis adecuadas en función da intención comunicativa e dos elementos da comunicación - Xestión da información desde un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual. - Análise crítica para prever a posverdade e non dar validez unicamente á información afín coas ideas propias.

UD	Título da UD	Duración
5	A preparación do discurso.	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Adaptar a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo.	Manifestar nun exercicio práctico algún elemento do discurso elaborado para unha situación concreta.	TI	100
CA3.2 - Organizar as ideas nunha estrutura ordenada e eficaz.	Discernir na práctica as partes que desenvolven unha idea.		
CA3.5 - Realizar o proceso de revisión do texto.	Presentar un breve discurso correcto.		
CA3.6 - Desenvolver estratexias mnemotécnicas do discurso.	Demostrar a memorización dos elementos básicos dun breve discurso.		
CA3.7 - Memorizar o discurso deixando espazo para a improvisación e a espontaneidade.	Demostrar a capacidade de improvisación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Adecuación do discurso ao contexto. - Axuste do discurso ao modelo textual ou xénero elixido. - Adaptación ao tempo e á canle de comunicación. - Estrutura do discurso: introdución, desenvolvemento e conclusión. Disposición das ideas. - Técnicas de memorización do discurso: elaboración e uso do guión, elementos de apoio. - Interiorización do discurso.

UD	Título da UD	Duración
6	Recusos e estratexias persuasivas.	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Empregar recursos propios da argumentación.	Manifestar nun exercicio práctico capacidade para utilizar algún recurso argumentativo.	TI	100
CA3.4 - Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva.	Manifestar nun exercicio práctico a corrección lingüística básica, algún elemento creativo e intención persuasiva.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recursos argumentativos: premisas, teses e siloxismos. - Claves para deseñar mensaxes altamente eficaces: claridade e brevidade.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para captar a atención e a benevolencia da audiencia. - Procedementos retóricos. Características estilísticas. - Coherencia e cohesión. - Corrección lingüística. - Proceso de revisión. Uso de correctores lingüísticos.

UD	Título da UD	Duración
7	A execucion do discurso	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Aprender a falar en público, en contextos formais e informais, de forma individual ou en grupo.	Manifestar capacidade para falar en público con ausencia de deficiencias discursivas importantes.	TI	100
CA4.2 - Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público e controlar a conduta asociada ás emocións negativas.	Manifestar na práctica capacidade para utilizar algún recurso emocionalmente positivo.		
CA4.3 - Pronunciar con corrección, claridade e expresividade.	Conseguir proferir un breve discurso sen deficiencias expresivas graves.		
CA4.5 - Utilizar programas informáticos e audiovisuais para o deseño de presentacións co fin de potenciar o significado e a expresividade do discurso.	Acompañar un breve discurso dalgún recurso audiovisual.		
CA4.6 - Recoñecer e asumir as regras de interacción comunicativa e cortesía lingüística.	Manifestar na práctica capacidade para interactuar correctamente coas outras persoas participantes do proceso comunicativo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xestión emocional para falar en público (entusiasmo, confianza, asertividade, empatía e seguridade). - Xestión das emocións negativas (medo escénico, ansiedade, nerviosismo e inseguridade). - Dicción: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios. - Soportes informáticos e audiovisuais para apoiar o discurso.

UD	Título da UD	Duración
8	A comunicación non verbal na execución do discurso	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e a eficacia do discurso.	Presentar un breve texto oral sen graves deficiencias na linguaxe corporal que o acompañe.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Habilidades de comunicación non verbal e xestual. - Xestión emocional para falar en público (entusiasmo, confianza, asertividade, empatía e seguridade). - Xestión das emocións negativas (medo escénico, ansiedade, nerviosismo e inseguridade). - Quinésica. Linguaxe corporal: expresión facial, xestos, tics. - Proxémica: espazo escénico. - Naturalidade fronte a artificiosidade.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Esta materia terá un enfoque práctico, xa que se traballarán contidos relacionados coa análise e a construción do discurso, mais, sobre todo, co discurso oral e isto soamente se pode conseguir facendo que o alumnado actúe. As actividades poderán facerse individualmente ou en grupos. Serán principalmente de dos tipos: presentacións e debates. Todas serán comentadas e avaliadas en clase. A retroalimentación xerada nestas avaliacións servirá para avanzar na presentación dos contidos novos e na consolidación do xa aprendido. Contidos como a memorización, a voz, os movementos e linguaxe corporal serán tratados de forma lúdica. Todas as actividades da materia estarán orientadas a conseguir a relación necesaria entre oratoria, educación emocional e valores éticos. A metodoloxía favorecerá o traballo autónomo do alumnado, potenciará as técnicas de indagación e investigación propias do método científico, citando sempre as fontes de que se extrae a información. O traballo será fundamentalmente práctico: visionado e lectura de discursos; elaboración e presentación de discursos e realización de debates. Potenciarase o uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación non só como fontes de acceso ao coñecemento, senón tamén como ferramentas para a presentación de traballos orais e escritos, respectando as convencións de contextos formais académicos ou profesionais. A metodoloxía de traballo estará orientada á integración coherente de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes, e á creación dun produto real (concurso de debate, concurso de presentacións, modelo de Parlamento Europeo ou de Nacións Unidas, etc.) Porase especial interese nas capacidades comunicativas, na iniciativa e autonomía para adquirir novos coñecementos, nas actitudes respectuosas co fin de resolver os conflitos e buscar solucións de forma conxunta, nas capacidades empáticas para escoitar activamente, interpretando de maneira correcta as ideas dos demais para construír un ambiente mellor para todos/as. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das Programacións Didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Vídeos didácticos
Textos literarios e xornalísticos
Materiais multimedia: presentacións, actividades online, etc)
Artigos.
Libros.
Anuncios publicitarios.
Música.
Debuxos.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Proba de expresión oral sobre un tema polémico de actualidade, co fin de que o alumnado faga unha reflexión argumentada en defensa dun punto de vista. Esta proba resultará de grande utilidade para identificar os coñecementos previos do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	15	15	15	15	100
Proba escrita	40	0	0	0	0	0	0	0	4
Táboa de indicadores	60	100	100	100	100	100	100	100	96

Criterios de cualificación:

Valorarase que o alumnado identifique en distintos tipos de discursos todos os seus elementos característicos mediante probas obxectivas e unha produción escrita individual. O alumnado participará en producións individuais e en grupos onde deberá pór en práctica todos os coñecementos discursivos. As actividades consistirán na elaboración de discursos inicialmente escritos e despois na creación de discursos orais. Valoraranse as producións orais do alumnado (debates e discursos). Durante todo o curso serán valoradas actividades e tarefas diarias en clase mediante rexistros de observación.

Nas producións orais e escritas poderá descontarse ata un 10% por incorreccións ortográficas ou gramaticais. Descontarase ata un 0,1 % por cada incorrección.

A utilización de medios fraudulentos en calquera das actividades de avaliación poderá supor a perda do total da cualificación en dita actividade. A cualificación final será a suma de todas as cualificacións que se obteñan no curso.

Nas primeiras unidades, será preponderante o uso das probas escritas, coincidindo coa parte de contidos teóricos, que deberán asentarse como base para un desenvolvemento posterior. Pola contra só se usan táboas de indicadores para demostrar a comprensión práctica, a

efectos de rexistrar a actividade práctica propia da Oratoria, que será dominante no remate do curso. Independentemente dos instrumentos empregados para a cualificación, o alumnado superará a materia en dous supostos: 1.- Ten avaliación positiva nas tres avaliacións. 2.- A media entre as tres avaliacións, aplicando o redondeo, é igual ou superior a 5. A cualificación final obtense a partir da media aritmética entre as notas das tres avaliacións parciais. O alumnado coa materia superada aínda pode mellorar a súa cualificación nun punto entre o final da terceira avaliación e a avaliación final en caso de elaborar unha presentación oral sobre un dos temas propostos polo departamento.

Criterios de recuperación:

En caso de non ter superada a materia segundo os anteriores supostos, esta poderá recuperarse mediante a realización dunha proba final en xuño que tratará sobre sobre o total dos contidos da materia.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O tratamento específico do alumnado coa materia pendente terá relación co motivo do seu supenso: absentismo, circunstancias familiares, de saúde, coñecementos básicos deficientes, falta de motivación...etc. Neste sentido axudarase o alumnado a superar o desnivel curricular por medio de actividades de repaso e profundización nas deficiencias de comprensión, expresión oral, recursos retóricos, etc. O alumnado poderá superar a materia

realizando as actividades de recuperación que se propoñan, sendo algunhas orais e outras escritas.

6. Medidas de atención á diversidade

Para aquel alumnado que o precisar procederáse a unha adaptación de contidos, de tempo e/ou de formatos. Neste sentido aquel alumnado que, por distintas circunstancias, non puider seguir o ritmo da clase no seu conxunto, serán atendidos coas actividades diversificadas referidas no capítulo sobre a metodoloxía e que poderían concretarse nos seguintes casos:

- 1) Alumnado con deficiencias en lecto-escritura. No caso de deficiencias leves, incrementaremos os exercicios específicos de lectura comprensiva e escritura.
- 2) Alumnado con altas capacidades

intelectuais. Acostuma ser motivo de inadaptación ao grupo xa que o nivel medio lles resulta aburrido. Contamos coas actividades de ampliación en que orientamo este alumnado a lecturas complementarias o elaboración de traballos monográficos que fomenten o seu interese.

3) Problemas de orixe familiar. Teñen grande influencia no rendemento escolar. A través da visita dos país pódese obter información e actuar en consecuencia ou tamén a través do titor/a ou orientadora. Atender no posible ás circunstancias persoais do alumnado e ao contexto en que se desenvolve a súa educación.

4) Alumnado con necesidades educativas especiais diagnosticado. Recorreremos ao asesoramento do

Departamento de Orientación respecto de medios e estratexias para este tipo de alumnado. O alumnado con tales necesidades será obxecto das necesarias adaptacións curriculares.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Consciencia cívica e ética.	X							

Observacións:

É obxectivo propio desta materia a educación para a convivencia e o respecto nas relacións interpersoais, o respecto ás propias opinións e ás dos demais, a escoita activa e respectuosa, así como os valores inherentes e as condutas adecuadas ao principio de igualdade real e efectiva entre mulleres e homes . Ademais, será fundamental no desenvolvemento do currículo de Oratoria a consecución de actitudes de tolerancia e recoñecemento da diversidade intercultural e o rexeitamento de todo tipo de violencia ou discriminación. Neste punto será importante o desenvolvemento das habilidades básicas para a comunicación interpersoal, a capacidade de escoita activa, a empatía, a racionalidade e o

acordó a través do diálogo. O traballo nesta materia no que se refire ás temáticas obxecto de debate acentuarán a toma de conciencia sobre temas e problemas que afectan a todas as persoas no mundo globalizado, onde se considerarán a saúde, a pobreza no mundo, a emigración e a desigualdade entre as persoas e pobos, así como os principios básicos que rexen o funcionamento do medio físico e natural, e as repercusións que sobre o mesmo teñen as actividades humanas, o esgotamento dos recursos naturais, a polución e o quecemento da Terra. Por último, todos estes aspectos tratados se deben pór de manifestó nas actitudes persoais e grupais do alumnado, coherentes co que se

traballou, de maneira que podan desenvolver competencias e habilidades sociais adecuadas para o exercicio da participación desde os coñecementos todos valores que sustentan a liberdade, a igualdade, o pluralismo político, a paz e a democracia. Por último, a materia ha de foentar unha adecuada educación emocional e axudar a construír unha identidade persoal e un autoconcepto baseados na capacidade de expresar as ideas e os argumentos propios, así como en convencer destes aceptando os dos demais.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Colaboración na revista escolar,	Publicación daquelas reflexións, investigacións, entrevistas, sondaxes, etc. que puidesen considerarse interesantes.			
Colaboración coa radio escolar do Instituto.	Elaboración de programas en que sexa fundamental a expresión oral.			
Colaboración co Equipo de Dinamización Lingüística	Actividades que teñan que ver co uso da expresión oral, como os concursos de narración oral.			

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Colaborar en actividades programadas pola biblioteca.	Actividades que inclúan a expresión oral.			
Realización dun concurso de oratoria en distintos cursos e niveles de Secundaria.	Concurso en que se demostren as habilidades de oratoria e retórica, valorando as capacidades de persuasión.			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Ao comezo de cada unidade, infórmase o alumnado sobre os obxectivos propostos, as competencias que se van desenvolver, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.
Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.
Ao comezo do desenvolvemento de cada unidade, proporciónase ao alumnado un cadro sinóptico ou mapa conceptual do tema para orientalo sobre a evolución do seu proceso de ensino-aprendizaxe.
Deséñanse e aplícanse actividades de ampliación e afondamento para o alumnado que acade de maneira significativa os obxectivos propostos.
Realízanse as actividades complementarias programadas.
Explicáronse e corríronse na aula as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas.
Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados.
Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.
Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación (probos, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, proxectos de investigación...)
Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa.
Metodoloxía empregada
As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo), favorecendo a adquisición das competencias clave.
Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...).
Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción...
Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación.
Desenvolvéronse actividades e estratexias potenciadoras da oralidade, co fin de que o alumnado adquirise os recursos necesarios para expresarse correctamente e con eficacia nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais).
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
A planificación e distribución do tempo asignado a cada tarefa son axeitadas.

Medidas de atención á diversidade
Desenvolvéronse as medidas de atención á diversidade necesarias aos alumnos e alumnas que así o requiren.
Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propondo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.
Clima de traballo na aula
Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado, vinculándose cos seus intereses e necesidades, e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.

Descrición:

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos: - A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula. - A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos. - A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe. - A inclusión e atención á diversidade como resposta educativa á totalidade do alumnado para promover a consecución do éxito escolar. - A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia de Oratoria estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación. A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. As ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia. A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro: - A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todo o profesorado do departamento. - A programación didáctica específica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro. - Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos. - Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados. - As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada. - A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos. - A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas. - A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuados ao perfil, características e necesidades do alumnado. - A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas. - A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo. Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final do desenvolvemento de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados. As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

9. Outros apartados